

## **PLAN DE PENSIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

- I. DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN
- II. ÁMBITO PERSOAL
- III. DEREITOS E OBRIGAS DE PARTÍCIPES E BENEFICIARIOS
- IV. RÉXIME DE CONTRIBUCIÓNS E PRESTACIÓNS
- V. ORGANIZACIÓN E CONTROL
- VI. MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

Este plan de pensións regulamentase polas presentes especificacións, polo Real Decreto legislativo 1/2002 do 29 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Regulamentación dos Plans e Fondos de Pensións, polo Real Decreto 304/2004 do 20 de febreiro polo que se aproba o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións e por cantas disposicións de calquera rango que actualmente ou no futuro poidan serlle de aplicación.

## **CAPÍTULO I**

### **DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN**

#### Artigo 1.- Denominación

O presente Regulamento do Plan de Pensións denominado Plan de Pensións da UNIVERSIDADE DE VIGO, do que é promotor a UNIVERSIDADE DE VIGO, regula as relacións entre o mencionado plan, o promotor deste, os seus Partícipes e os seus beneficiarios, cuxa condición leva implícita a aceptación de tódalas normas nel contidas.

#### Artigo 2.- Modalidade

Este Plan de Pensións configúrase como unha Institución de previsión de carácter voluntario e libre que, por mor dos seus suxeitos constituíntes, encadrase na modalidade de SISTEMA EMPREGO e, en razón das obrigas estipuladas, na modalidade de PLAN DE CONTRIBUCIÓN DEFINIDA para tódalas continxencias.

#### Artigo 3.- Adscrición a un Fondo de Pensións

1. O presente Plan de Pensións integrarase no Fondo de Pensións CAIXANOVA I, F.P. promovido por CAIXANOVA I, F.P. e inscrito na Dirección Xeral de Seguros co nº F-0062.
2. As contribucións do Promotor e dos partícipes integraranse inmediata e obrigatoriamente no mencionado Fondo de Pensións. Ditas contribucións, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais que xeren, aboaranse na conta de posición que o Plan manteña no Fondo. O pagamento das prestacións correspondentes, así como os gastos adicionais que se orixinaran, efectuarase con cargo a dita conta.

## **CAPÍTULO II**

### **ÁMBITO PERSOAL**

#### Artigo 4.- Suxeitos constituíntes

Son suxeitos constituíntes deste Plan de Pensións:

- a) UNIVERSIDADE DE VIGO, como Promotor do Plan.
- b) Os partícipes interesados en cuxo interese créase o Plan.

#### Artigo 5.- Elementos Persoais

Son elementos persoais deste Plan de Pensións:

- a) Os suxeitos constituíntes.
- b) Os beneficiarios.

#### Artigo 6.- Partícipes

Poderá ser partícipe do Plan de Pensións calquera persoa física que, sendo empregado (persoal laboral ou funcionario) con alomenos dous anos de antigüidade no cadro de persoal do promotor manifieste a este a súa vontade de integrarse nel, e teña capacidade de obrigarse nos termos establecidos no Texto refundido da Lei de Regulación dos Plans e Fondos de Pensións e disposicións complementarias ou substitutivas, sempre e cando acepten na súa totalidade e sen limitación ningunha de funcionamento deste Plan e as do seu correspondente Fondo.

Para determina-la antigüidade de dous anos para o acceso, computarase o tempo transcorrido dende o ingreso no cadro de persoal do promotor.

#### Artigo 7.- Partícipes en suspenso

1. Os partícipes que cesaran na realización de achegas, tanto directas coma imputadas, pero manteñan os seus dereitos consolidados no plan, independentemente do cesamento ou non da súa relación laboral, adquiren a condición de partícipes en suspenso, mantendo a categoría de elemento persoal do plan de pensións.
2. A suspensión de achegas con cargo ó Promotor producirase polos seguintes motivos:

- a) Cese definitivo da súa relación de empregado do promotor, sen solicita-lo traslado dos seus dereitos consolidados a outro plan de pensións.
  - b) Suspensión temporal ou excedencia da súa relación de empregado do promotor, agás nos supostos en que se manteña o dereito a percibir as retribucións ordinarias.
3. Os dereitos consolidados dos partícipes en suspenso veranse axustados pola imputación de rendementos que lles correspondan durante os exercicios do seu mantemento no plan.

#### Artigo 8.- Beneficiarios

Serán beneficiarios do plan aquelas persoas físicas que, sendo ou non partícipes deste, teñan dereito á percepción de prestacións.

#### Artigo 9. Alta dun partícipe no Plan

1. Os empregados do promotor que reúnan os requisitos de acceso previstos no artigo sexto, poderán causar alta como partícipes, en calquera momento, comunicando á Xerencia o seu desexo de adscribirse, mediante a subscripción do boletín de adhesión fixado pola Comisión de Control do Plan de Pensións.  
A data de efectividade da alta será a do primeiro día do mes seguinte á da entrega do boletín.
2. O partícipe poderá solicitar que lle sexa expedido certificado acreditativo da súa pertenza e integración ó Plan de Pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente as Entidades Xestora e Depositaria, non será transferible.
3. A adhesión ó Plan polo empregado é totalmente voluntaria.

#### Artigo 10.- Baixa dun partícipe no Plan

Os partícipes causarán baixa no Plan:

- a) Cando se produza algunha das continxencias previstas no artigo 25 do presente Regulamento.
- b) Cando remate a relación do empregado co promotor e o partícipe solicite a mobilización dos seus dereitos consolidados a outro Plan de Pensións (partícipes en suspenso).
- c) Por terminación do Plan, tendo que proceder a transferi-los seus dereitos consolidados a outro Plan de Pensións.

- d) Cando, nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración regulamentados pola normativa vixente, a totalidade do dereito consolidado se faga efectiva ó partícipe.

#### Artigo 11.- Alta dun beneficiario no Plan

Adquirirán a condición de beneficiarios:

- a) Os partícipes que exerzan o dereito a percibi-la prestación que lles corresponda por algunha das seguintes continxencias:

- Xubilación.
- Incapacidade, nos seus graos de total e permanente para a profesión habitual, absoluta e permanente para todo traballo ou grande invalidez.
- Dependencia Severa o Gran Dependencia

- b) As persoas físicas que exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros por falecemento dun partícipe, segundo a última designación de beneficiarios efectuada por este.

Á falta de designación expresa por parte do partícipe, serán beneficiarios, por orde preferente e excluínte:

1. O cónxuxe non separado legalmente do partícipe.
2. Os fillos do partícipe por partes iguais.
3. Os pais do partícipe por partes iguais.
4. Os irmáns do partícipe por partes iguais.
5. As persoas físicas herdeiras do partícipe.
6. No defecto das anteriores, o dereito consolidado acrecerá a conta de posición do Plan.

- c) As persoas físicas que, por falecemento dun beneficiario, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez e orfandade, ou a favor de outros herdeiros ou persoas designadas cando o beneficiario falecido estivera cobrando unha modalidade de prestación reversible (prestación na que se indica que si falece o titular, cobrará a persoa designada por este).

Artigo 12.- Baixa dun beneficiario no Plan

Os beneficiarios causarán baixa no Plan:

1. No caso de falecemento.
2. Por esgotamento dos dereitos económicos recoñecidos ao beneficiario, como consecuencia da percepción íntegra dos mesmos, ben en forma de capital, ben en forma de renda, ou ben pola percepción de abonos sucesivos..
3. Por remate do Plan.

### **CAPÍTULO III**

#### **DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, PARTICÍPES E BENEFICIARIOS**

##### Artigo 13.- Dereitos do Promotor

Corresponden ó Promotor do Plan os seguintes dereitos:

- a) Ter a súa representación na Comisión de Control do mesmo, nos termos previstos no Capítulo V do presente Regulamento.
- b) Solicitar dos partícipes os datos persoais familiares necesarios para determina-las súas contribucións ó Plan.
- c) Estar informado da evolución financeira e actuarial do Plan de Pensións.
- d) Exercita-los restantes dereitos establecidos nas presentes especificacións e na lexislación vixente.

##### Artigo 14.- Obrigas do Promotor

O Promotor efectuará o desembolso das contribucións imputables ós partícipes na forma, prazos e contías previstos de acordo co indicado nestas especificacións.

Así mesmo, deberá facilitar á Entidade xestora do Fondo, ó Actuario do Plan e ó Actuario que faga a revisión financeiro-actuarial os datos que, sobre os empregados, lle sexan requiridos ó obxecto de levar de xeito adecuado a administración do plan, realiza-las correspondentes valoracións actuariais e a revisión do plan.

##### Artigo 15.- Dereitos dos Partícipes

Corresponden ós partícipes do plan os seguintes dereitos:

1. A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o seu plan de pensións, de acordo coas presentes especificacións.
2. Que se lle fagan efectivas as achegas da Entidade promotora nos termos previstos nestas especificacións.
3. Ós seus dereitos consolidados individuais constituídos pola súa cota parte do fondo de capitalización que teña o plan no Fondo de Pensións correspondente. Este fondo de capitalización estará en funcións das achegas e rendas xeradas polos recursos investidos menos os quebrantos e gastos que se teñan producido.

Estes dereitos consolidados só se farán efectivos no caso de que o partícipe así o solicite nos casos de desemprego de longa duración ou enfermidade grave recollidos na alínea 4 deste artigo.

4. Solicitar do Fondo no que estea integrado o seu Plan de Pensións, por medio da súa Entidade xestora, que se fagan efectivos os seus dereitos consolidados na totalidade ou en parte, con carácter excepcional, nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración, de acordo co disposto no artigo 9 do Real Decreto 304/2004 do 20 de febreiro polo que se aproba o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, ou de acordo co que estableza a lexislación vixente, para o cal terá que acreditarse o mantemento da situación para obter cada pagamento seguinte que, de se-lo caso, se solicite.
5. Sinalar beneficiarios para o caso de que se produza continxencia por falecemento. Tamén poderá cambia-la dita designación mentres sexa partícipe do Plan.
6. Estar informados sobre a evolución do plan. A información mínima que se facilitará a cada partícipe será:
  - a) Con motivo da adhesión, e en todo momento mentres teña a condición de partícipe, terá o seu dispor un exemplar das presentes especificacións na sede social da Entidade promotora. Entregarase copia completa das mesmas a solicitude do partícipe en calquera momento en que o solicite, como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigas.
  - b) Trala adhesión, porase ó seu dispor un exemplar da declaración dos principios da política de investimento do Fondo na sede social da Entidade promotora.
  - c) Por mor da adhesión ó plan e se así o solicita, un Certificado de pertenza ó Plan.
  - d) Unha certificación anual das achegas directas e imputadas ó partícipe realizadas durante o ano, así como unha certificación anual do valor dos seus dereitos consolidado ó 31 de decembro de cada ano.
  - e) Información trimestral sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como calquera extremo que puidera afectarlles, especialmente as modificacións normativas, cambios das disposicións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito. Esta información poderá facilitarse ben pola remisión directa ó partícipe ou pola súa posta a disposición a través dos medios que a Comisión de Control do mesmo considere de abondo.
7. Suspende-las achegas voluntarias ou modifica-lo seu réxime, de acordo co previsto nestas disposicións.
8. Os partícipes poderán trasladar a este os seus dereitos consolidados noutros plans, se ben unha vez incorporados a este, só poderán ser mobilizados no caso de cesamento da relación laboral co promotor ou remate do plan.



9. Mobiliza-los seus dereitos consolidados, coas minoracións que polos gastos que iso orixine, no caso de remate do plan ou por cesamento definitivo da relación laboral co promotor, coa extinción das obrigas de achega directa e imputada, para a súa integración noutro plan de pensións.

A solicitude de mobilización terá que ser realizada á Entidade xestora do fondo onde estea integrado o mesmo ó que se pretende mobiliza-los dereitos consolidados, facilitando a esta un escrito dirixido á Entidade xestora do fondo de orixe, indicando o novo plan e fondo de pensións no que se integra e o importe a mobilizar, e autorizando á nova entidade de destino para que no seu nome poida solicitar á entidade de orixe a mobilización dos dereitos consolidados, así como toda a información persoal, financeira e fiscal que sexa precisa para realizalo.

A transferencia dos dereitos consolidados do partícipe ó novo plan se efectuará nun prazo non superior ó legalmente establecido, dende a recepción pola Entidade xestora de toda a documentación anterior.

#### Artigo 16.- Obrigas dos Partícipes

É obriga dos partícipes:

- a) Comunicar á Entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para causar alta no plan e para determina-lo cobro das prestacións. Así mesmo, deberá comunicar calquera modificación que se produza nos ditos datos.
- b) Representar, a través da Comisión de Control, os intereses do colectivo de beneficiarios na relación co plan de pensións.

#### Artigo 17.- Dereitos dos Beneficiarios

Corresponde ós Beneficiarios de Plan os seguintes dereitos:

1. A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente Fondo, se materialice e se instrumente o seu Plan de Pensións.
2. Percibi-las prestacións que lles correspondan ó producirse as continxencias previstas no Plan.
3. Ter a súa representación na Comisión de Control do mesmo nos termos previstos nas disposicións legais e no capítulo V das presentes especificacións.

4. Recibir da Entidade Xestora unha certificación anual das prestacións cobradas durante o ano e das retencións fiscais practicadas, así como do importe dos seus dereitos económicos remanentes no plan a 31 de decembro de cada ano. Tamén, dispor de información trimestral sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, e de calquera extremo que puidera afectarlles, especialmente as modificacións normativas, cambio das especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimento, e das comisións de xestión e depósito. Esta información poderá facilitarse ben pola súa remisión directa ó beneficiario ou pola súa posta a disposición a través dos medios que a Comisión de Control do Plan estime suficientes.

Producida e comunicada a continxencia, o beneficiario do plan de pensións recibirá a información apropiada sobre a prestación e as súas posibles revisións, sobre as opcións de cobro correspondentes, no seu caso, e respecto do grao de garantía e do risco de conta do beneficiario. No caso de renda asegurada, entregarase ó beneficiario o correspondente certificado de seguro, emitido pola Entidade aseguradora.

#### Artigo 18.- Obrigas dos Beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios:

- a) Comunicar á Entidade Xestora do Fondo os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para xustifica-lo dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ó longo do tempo.
- b) O beneficiario do plan de pensións e o seu representante legal, terá que comunica-la continxencia acaecida, sinalando, de se-lo caso, o xeito elixido para o cobro da prestación e presenta-la documentación acreditativa que proceda.

O prazo previsto para tal comunicación será de seis meses dende que se produciu a continxencia ou dende o seu recoñecemento polo organismo competente correspondente. No caso de falecemento o prazo se contará dende que o beneficiario ou o seu representante legal tivera coñecemento da morte do causante e da súa designación como beneficiario, ou dende que puidera acredita-la súa condición pola disposición testamentaria ou outros medios.

## CAPÍTULO IV

### **RÉXIME DE CONTRIBUCIÓNS E PRESTACIÓNS**

#### Artigo 19.- Sistema de financiamento do Plan.

1. O sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente Plan será a "CAPITALIZACIÓN FINANCEIRA INDIVIDUAL" para a contribución definida de xubilación, falecemento e invalidez.
2. O valor dos dereitos consolidados determinase como a cota parte do Fondo de Capitalización, constituído polas contribucións dos partícipes e os rendementos netos de gastos que estes xeren. Igual definición aplicarase para os dereitos consolidados dos partícipes en suspenso.
3. Cando se reporten prestacións en forma de renda que supoña a asunción dalgún tipo de risco, o Plan contratará o seguro de ditas prestacións cunha Compañía de Seguros mediante a correspondente póliza da que será tomador o Plan de Pensións representado polo Presidente da Comisión de Control.

#### Artigo 20 - Achegas ao Plan

1. As achegas realizaranse polo promotor, con carácter obrigatorio, e polos partícipes, con carácter voluntario.
2. A achega do promotor terá carácter irrevocable desde o momento do seu devengo, con independencia do seu desembolso efectivo, sendo éste esixible pola Comisión de Control do Plan de Pensións e por calquera partícipe do mesmo.
3. O importe global da achega obrigatoria do promotor consistirá nunha achega definida que se devengará anualmente e será abonada antes do 30 de xuño de cada ano de mediante transferencia á conta do Fondo de Pensións.
4. Dito importe será distribuído entre todos os partícipes que a 1 de xaneiro e nalgún momento do ano anterior estiveran dados de alta sen ter a condición de suspenso. O importe será individualizado entre todos os partícipes anteriores que non se deran de baixa á data de realización efectiva da achega.
5. O promotor comunicará dita individualización á entidade xestora do fondo de pensións simultaneamente á realización da achega.

6. As achegas efectuadas ao Plan integraranse necesariamente na conta que o Fondo manteña na Entidade Depositaria á data do seu pago.
7. O traspaso de dereitos consolidados doutros plans de pensións non ten o carácter de achega, mantendo, porén, a súa natureza de dereito consolidado.
8. As achegas voluntarias do partícipe consistirán en achegas que libremente fixen os partícipes para complementar o sistema de previsión obrigatorio do plan de pensións. Os dereitos consolidados que se deriven das mesmas en todo momento manteranse diferenciados dos xerados polas achegas obrigatorias. Estas achegas poden ser:

a. Periódicas:

O pago destas achegas realizarase por domiciliación bancaria das mesmas, para elo o partícipe comunicará á Xestora do Fondo:

- a) O importe, que non poderá ser inferior a 30,00 euros.
- b) A periodicidade con que desexa que se cargue na súa conta a achega. Esta periodicidade pode ser mensual, trimestral, semestral ou anual.
- c) O crecemento que desexa que se aplique á mesma.
- d) A conta corrente contra a que virar a indicada achega periódica.

b. Extraordinarias:

O partícipe poderá realizar achegas extraordinarias voluntarias, sen sometimento a periodicidade ou cuantía preestablecida. Para o seu abono, o partícipe comunicará a súa decisión á Entidade Xestora do Fondo de Pensións mediante o correspondente boletín, que implica a autorización da domiciliación bancaria e a data designada para o seu pagamento. O importe destas achegas no poderá ser inferior a 30,00 euros.

#### Artigo 21.- Contía máxima das contribucións

1. Dentro de cada ano natural, a contía máxima das contribucións a plans de pensións non poderá supera-lo límite máximo legal de contribucións vixente en cada momento, considerándose de xeito separado para achegas directas do partícipe e para as imputadas polo promotor. Este límite non afecta ó traspaso de dereitos consolidados que proveñan doutro plan de pensións.

2. Se a acumulación das contribucións ó plan con outras realizadas polo propio partícipe a outro ou outros superase o límite máximo legal, o partícipe retirará ó exceso das mesmas a plan ou plans contratados mantendo as efectuadas polo promotor a este plan de emprego.
3. A Entidade Xestora non admitirá contribucións anuais dun mesmo partícipe, directas ou imputadas, por importe superior ao previsto nas alíneas anteriores. Así mesmo, queda autorizada a suspender para un partícipe, dentro de cada ano natural, o réxime de pagamentos das contribucións periódicas a vencer ou a non tramitar modificacións ó mesmo ou novas contribucións extraordinarias cando co novo pagamento xunto coas achegas xa efectuadas no ano natural se supere o dito límite, informando diso ó partícipe.

#### Artigo 22.- Modificación, suspensión e rehabilitación de contribucións.

1. Modificación: As contribucións do promotor ó plan (establecidas de acordo ó establecido no anexo I destas normas) imputables a cada partícipe só poderán modificarse cando así o aprobe a Comisión de Control por maioría cualificada de  $\frac{3}{4}$  partes dos seus membros, mediante comunicación escrita dirixida á Entidade xestora con dous meses de aviso previo. O partícipe poderá modifica-lo seu sistema voluntario de contribucións en canto ó importe, periodicidade ou crecemento destes, sen efecto retroactivo.
2. Suspensión: O promotor suspenderá o pagamento das contribucións correspondentes a un partícipe, establecidas de acordo co indicado no Anexo I destas normas, cando cese temporal ou definitivamente a relación de emprego entre ambos.
3. Rehabilitación: No caso de suspensión temporal da relación laboral, o promotor volverá a efectuar contribucións ó plan por conta do partícipe en suspenso cando este reanude a súa relación de emprego co promotor e solicite a súa rehabilitación neste. A partir deste momento, o mesmo deixara de estar en situación de partícipe en suspenso.

#### Artigo 23.- Falta de pagamento de contribucións.

1. En caso de falta de pagamento por parte do promotor das contribucións establecidas de acordo co indicado no Anexo I destas especificacións, a Entidade xestora do Fondo comunicárallelo á Comisión de Control do Plan para que faga os trámites que considere oportunos, sen prexuízo dos especificados no punto 1 do artigo 20.

2. No caso de producirse o falta de pagamento dunha contribución periódica do partícipe, a Entidade xestora do Fondo volverá a cargala na conta deste ó mes seguinte. Caso de que novamente resultara non pagada, a Entidade xestora quedará facultada para suspenderlo cargo en conta das contribucións voluntarias periódicas e suspender ditas contribucións.
3. O partícipe poderá solicitar a rehabilitación das súas contribucións directas periódicas non pagadas, remitindo á Entidade xestora o boletín correspondente.

#### Artigo 24.- Devolución de contribucións.

1. A Entidade Xestora do Fondo poderá devolver ó Partícipe parte das contribucións voluntarias xa pagadas, aboándollas na conta respectiva, nos seguintes casos:

- a) Cando as contribucións dun partícipe a Sistema de Plans de pensións supere no ano natural o límite máximo legal.

O Partícipe deberá xustificar á Entidade xestora ter superado o citado límite mediante as certificacións emitidas por aquelas entidades xestoras de fondos de pensións nos que produciron as contribucións a plans do sistema Emprego que no conxunto orixinan a superación do límite.

As achegas que se produzan sobre o máximo establecido poderán ser retiradas antes do 30 de xuño do ano seguinte, sen aplicación da sanción prevista no artigo 36.4 do Texto Refundido da Lei de Plans e Fondos de Pensións.

A devolución realizarase polo importe efectivamente aportado por exceso, con cargo ó dereito consolidado do partícipe. A rendibilidade imputable ó exceso da achega aumentará o patrimonio do fondo de pensións se fose positiva, e será de conta do partícipe se fose negativa.

- b) Por erros no proceso de cobro de contribucións:

Cando como consecuencia de erros no proceso administrativo de cobro de contribucións ou de modificación ou suspensión destas, resultaran indebidamente cargadas contribucións nas contas dos partícipes, previa solicitude destes, a Entidade xestora tramitará a devolución das mesmas.

Considerarase que se derivan de erro administrativo as achegas que puideran cargarse na conta do partícipe durante o período que medie entre o acaecemento dunha continxencia e a

comunicación da mesma á Entidade xestora do fondo no que se atope integrado o plan de pensións, agás indicación en contra por parte do partícipe.

- c) Por traslado de dereitos consolidados a outro plan:

Cando un partícipe cese definitivamente na súa relación laboral co promotor e solicite o traslado a outro plan e tivera unha cota periódica o seu cargo, esta poderá ser devolta, non incluíndo a mesma no importe do traslado co obxecto de axiliza-lo proceso de mobilización.

#### Artigo 25.- Continxencias cubertas polo Plan.

As continxencias cubertas polo presente Plan de Pensións, que dan orixe ó pagamento de prestacións, son as seguintes:

- 1) Xubilación:

Para a determinación desta continxencia estarase ó previsto no Réxime da Seguridade Social correspondente. Polo tanto, a continxencia de xubilación entenderase acaecida cando o partícipe acceda efectivamente a ela no dito réxime, sexa á idade ordinaria, anticipada ou posteriormente.

Cando non sexa posible o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida a contar dende a idade ordinaria da mesma no Réxime mencionado no momento no que o partícipe non exerza ou cesara a actividade laboral ou profesional e non se atope cotizando para a continxencia de xubilación para ningún Réxime da Seguridade Social.

Poderase anticipa-la prestación correspondente á xubilación a partir dos 60 anos no suposto de que o partícipe reúna os seguintes requisitos:

- a) Que cesara en toda actividade determinante da alta na Seguridade Social sen prexuízo de que, no seu caso, continúe asimilado á alta nalgún réxime da Seguridade Social.
- b) Que no momento de solicita-la disposición anticipada non reúna aínda os requisitos para a obtención da prestación de xubilación no Réxime da Seguridade Social correspondente.

Non procederá o anticipo da prestación regulamentado nesta alínea nos supostos nos que non sexa posible o acceso á xubilación ós que se refire o parágrafo anterior.

Tamén poderase percibi-lo anticipo da prestación correspondente á xubilación cando o partícipe extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desemprego por mor de expediente de regulamentación de emprego aprobado pola autoridade laboral. Os empregados en situación de xubilación parcial son partícipes a tódolos efectos, podendo realizar achegas para a xubilación total.

2) Incapacidade permanente total para a profesión habitual.

Para a determinación desta continxencia estarase ó previsto no Réxime da Seguridade Social correspondente. Acreditarase mediante a oportuna certificación do órgano administrativo a quen no seu caso corresponda decretar ou recoñecer tal situación.

3) Incapacidade absoluta e permanente para todo traballo.

Para a determinación desta continxencia estarase ó previsto no Réxime da Seguridade Social correspondente. Acreditarase mediante a oportuna certificación do órgano administrativo a quen no seu caso corresponda decretar ou recoñecer tal situación.

4) Dependencia Severa ou Gran Dependencia.

Dependencia Severa ou Gran Dependencia do partícipe ou beneficiario regulada na Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Esta continxencia acreditarase mediante copia da resolución expedida pola Administración Autonómica correspondente á residencia do solicitante.

5) Gran invalidez.

Para a determinación desta continxencia estarase ó previsto no Réxime da Seguridade Social correspondente. Acreditarase mediante a oportuna certificación do órgano administrativo a quen no seu caso corresponda decretar ou recoñecer tal situación.

6) O falecemento.

Entenderase por esta continxencia a morte ou declaración legal de falecemento do partícipe ou beneficiario, que poden xerar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou a favor doutros herdeiros ou persoas designadas. Este continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.



## Artigo 26.- Prestacións do Plan

As prestacións previstas polo plan para cada unha das contingencias cubertas por este, que se determinarán inicialmente en importe no momento de acontecer a contingencia e poderán ser percibidas en calquera das modalidades previstas no artigo 31, serán as seguintes:

- a) Para a contingencia de Xubilación:
  - . Prestación de Xubilación
- b) Para a contingencia de incapacidade total para a profesión habitual:
  - . Prestación de incapacidade total para a profesión habitual.
- c) Para a contingencia de incapacidade absoluta e permanente para todo traballo:
  - . Prestación de incapacidade absoluta e permanente para todo traballo.
- d) Para a contingencia de grande invalidez:
  - . Prestación de grande invalidez.
- e) Para a contingencia de Dependencia Severa e Gran Dependencia.
  - . Prestación de Dependencia
- f) Para a contingencia por falecemento:
  - . Prestación por falecemento.

## Artigo 27.- Prestación de xubilación

O importe desta prestación será igual á cota parte que ó participe, na data da súa xubilación, lle corresponda do Fondo de Capitalización que se constituirá para esta prestación coas contribucións definidas indicadas no Artigo 20 do presente Regulamento máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no Fondo.

## Artigo 28.- Prestación de Incapacidade permanente total, Absoluta e Grande invalidez

O importe desta prestación será igual á cota parte que o participe, na data da súa incapacidade, lle corresponda do Fondo de Capitalización que se constituirá para esta prestación coas contribucións definidas indicadas no Artigo 20 do presente Regulamento, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no Fondo.

#### Artigo 28 bis.- Prestación de Dependencia Severa o Gran Dependencia

O importe desta prestación será igual á cota parte que ao partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do Fondo de Capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes Especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no Fondo, ata a data da liquidación da prestación.

#### Artigo 29.- Prestación por falecemento

1. O importe desta prestación causada por un partícipe será igual á cota parte que a este, na data do seu falecemento, lle corresponda do Fondo de Capitalización que se constituirá para esta prestación coas contribucións definidas indicadas no Artigo 20 do presente Regulamento, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no Fondo.
2. No caso de falecemento dun beneficiario perceptor dunha renda financeira temporal, a prestación a satisfacer será o importe do fondo de capitalización pendente de liquidar.
3. No caso de falecemento dun beneficiario perceptor dunha renda asegurada reversible, a prestación a satisfacer será a indicada no certificado de seguro que asume o risco da prestación.

#### Artigo 30.- Prestacións dos partícipes en suspenso

Os partícipes en suspenso terán dereito ás prestacións regulamentadas nos artigos 28, 28 bis, 29 e 30.

#### Artigo 31.- Modalidades de pagamento das prestacións

1. As prestacións ás que os beneficiarios teñen dereito, como consecuencia das continxencias indicadas no artigo 26 anterior, poderán ter as seguintes modalidades:

a) Capital, consistente nunha percepción de pago único. O seu importe será igual ao valor dos dereitos consolidados do causante no momento do cobro da prestación, máis nos casos que corresponda, as prestacións definidas aseguradas. O pago desta prestación poderá ser inmediato ou diferido a un momento posterior. En razón dunha mesma continxencia, un beneficiario só poderá obter unha única prestación desta modalidade.

Se chegado o vencimento, o beneficiario oponse ao cobro do capital, ou non sinalase o medio de pago, a Entidade Xestora depositará a súa importe nunha

entidade de crédito a disposición ou por conta do beneficiario, entendéndose así satisfeita a prestación a cargo do Plan

b) Renda, temporal sen garantía, consistente na percepción de dúas ou máis pagos sucesivos con periodicidade regular, incluíndo polo menos un pago en cada anualidade.

O beneficiario fixará:

.O importe e periodicidade (mensual, trimestral, semestral ou anual) dos pagos.

.A revalorización anual (crecemento acumulativo) da renda, así como a data da primeira revalorización.

.A data de inicio de pago da renda, podendo diferir o inicio do cobro da mesma.

A duración da renda determinarase en función da rendibilidade real que obteña o Plan de Pensións, esgotándose cando se consuma o dereito económico do beneficiario. En caso de falecemento do beneficiario antes do esgotamento do dereito económico, o importe remanente constituirá un novo dereito económico a favor de quen legalmente corresponda. Neste tipo de rendas, o propio beneficiario asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o Plan non precisa de reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

c) Renda Vitalicia ou Temporal con garantías de interese e supervivencia, incluíndo polo menos un pago en cada anualidade. Estas rendas necesariamente aseguraranse. Nesta modalidade de cobro, o beneficiario percibirá unha renda equivalente ao valor dos seus dereitos económicos no plan, de acordo coa tarifa de primas da compañía de seguros para cada tipo de rendas e os gastos repercutibles en concepto de comisións de xestión e depósito.

Este tipo de rendas non poden alterarse a solicitude do partícipe unha vez contratadas. Así mesmo, se se contratan con reversión, supón a imposibilidade de revogación dos beneficiarios designados para a reversión, así como a imposibilidade de mobilizar os dereitos económicos que se deriven das mesmas.

Ao atoparse asegurada esta modalidade de rendas por unha Entidade Aseguradora que asumirá as posibles desviacións de supervivencia ou de interese, o Plan non precisará constituír por elas reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

d) Mixtas. É unha combinación dun único pago en forma de capital, con rendas de calquera das dúas modalidades anteriores. En calquera caso, só terá a consideración de capital aquel expresamente solicitado como tal polo beneficiario no momento de recoñecerse a prestación polo plan.

e) Pagos sucesivos sen importe nin periodicidade regular.

2. En calquera caso, as rendas mencionadas nos anteriores apartados b e c calcularanse aplicando o sistema financeiro-actuarial de "Capitalización Individual".

3. Será o beneficiario quen decidirá a modalidade da prestación que desexa cobrar no momento do acaecimento da continxencia correspondente, salvo para beneficiarios de reversións no caso de rendas con garantía, onde está predefinida a modalidade de cobro.

En calquera momento posterior, o beneficiario poderá modificar a forma de percibir a prestación, sempre que a mesma non sexa unha renda con garantía de interese ou supervivencia.

#### Artigo 32.- Procedemento e recoñecemento do pagamento de prestacións

1. Producida a continxencia determinante dunha prestación, o titular beneficiario poñerá en coñecemento da Entidade xestora do Fondo no prazo máximo previsto no artigo 18 destas especificacións, tendo que acompañala información necesaria e a documentación acreditativa do seu dereito á prestación. Ademais o beneficiario comunicará o xeito no que desexa percibi-la mesma. Se esta información é recibida pola entidade promotora, deberá facela chegar de xeito inmediato á Entidade xestora.
2. A documentación referida será examinada pola Entidade xestora, a cal poderá solicitar cantos datos complementarios estime precisos.
3. A Entidade xestora notificará ó potencial beneficiario o recoñecemento do seu dereito á prestación ou a súa denegación, se é o caso, no prazo máximo previsto en cada momento pola normativa vixente. Igual notificación cursará de xeito simultáneo á Comisión de control do Plan, a quen corresponde a supervisión do cumprimento das normas deste.
4. O pagamento dunha prestación en forma de capital ou o primeiro pagamento dunha prestación en forma de renda, efectuarase no prazo máximo legal establecido dende a recepción pola Entidade xestora de toda a documentación necesaria para acredita-lo dereito ó seu cobro.
5. Coa frecuencia que decida a Comisión de control do Plan, a Entidade xestora do Fondo poderá solicitar dos beneficiarios a documentación precisa para que acrediten que seguen tendo dereito á percepción das prestacións.

### Artigo 33.- Documentación acreditativa das continxencias

Xunto coa solicitude de prestación, o beneficiario terá que acompañala documentación que de seguido se relaciona para cada unha das continxencias previstas neste plan, sen prexuízo de que a Entidade xestora poida requirir aqueloutra adicional que considere precisa para a acreditación da continxencia:

- a) Na continxencia de xubilación: fotocopia do NIF e documentación que acredite a mesma no sistema público da Seguridade Social.

Cando non sexa posible o acceso á xubilación e teña cumprida a idade ordinaria desta no Réxime Xeral da Seguridade Social: fotocopia do NIF e certificado de Vida laboral. Cando o partícipe, calquera que sexa a súa idade, se atope en situación legal de desemprego por mor de Expediente de Regulación de Emprego: fotocopia do NIF, carta de despedimento ou certificado de empresa, documentación acreditativa do expediente de regulación de emprego autorizado polo servizo administrativo competente e documento de inscrición no Servizo público de emprego estatal ou organismo público que corresponda, como demandante de emprego.

- b) Na continxencia de morte do partícipe ou do beneficiario: certificado de defunción, certificado de derradeiras vontades, boletín onde constes os beneficiarios designados e documento acreditativo da súa personalidade. No defecto de designación expresa de beneficiarios terase que engadir documentación acreditativa da súa condición de tal consonte á orde de prelación establecida por este regulamento.
- c) Na continxencia de incapacidade laboral en calquera dos seus graos: copia da súa declaración expedida pola administración competente ou, no seu caso, sentenza da orde xurisdiccional social.

## CAPITULO V

### **ORGANIZACIÓN E CONTROL**

#### Artigo 34.- A Comisión de Control do Plan

1. O funcionamento e execución do Plan de Pensións serán supervisados por unha Comisión de Control, formada por representantes do promotor e dos partícipes, de xeito que se garanta a presenza de tódolos intereses, cunha representación paritaria dos mesmos.

Os representantes dos partícipes ostentarán a representación dos beneficiarios do plan.

2. A Comisión de Control estará composta por 10 membros, de acordo co seguinte reparto:
  - Polo Promotor: 5 membros: Reitor da Universidade ou persoa na que delegue, Xerente e tres membros nomeados polo Reitor da Universidade.
  - Polos Partícipes: 5 membros.

**A excepción do suposto contemplado no artigo 36.5 das presentes especificacións, que quedará composta por 12 membros, un membro máis por parte do promotor e outro por parte dos partícipes en suspenso e beneficiarios.**

Dende o momento da formación inicial da primeira Comisión de control, produciranse renovacións cada catro anos, polo que para os representantes que sexan elixidos en substitución doutro que cause baixa antes de remata-lo seu mandado, a duración do seu período inicial corresponderase co tempo que falta para a seguinte renovación prevista.

3. O cargo de membro da Comisión de Control será gratuito.

#### Artigo 35.- Funcións da Comisión de Control

A Comisión de Control do Plan terá as seguintes funcións:

- a) Supervisa-lo cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire ós dereitos dos partícipes e beneficiarios.

- b) Selecciona-lo Actuario que deba certifica-la situación e dinámica do plan, así como a aqueles profesionais independentes requiridos pola normativa vixente para a elaboración das revisións financeiro-actuariais do mesmo.
- c) Nomear ós representantes da Comisión de control do Plan na Comisión de control do Fondo de Pensións ó que estea adscrito. O número de membros que representarán ao este na dita comisión dependerá do que determine o Fondo de Pensións CAIXANOVA I, F.P., e en ningún caso será inferior a dous.
- d) Propoñe-las modificacións que estime pertinentes sobre contribucións, prestacións e outras variables, derivadas das revisións actuariais requiridas pola presente normativa. Deberá seguirse o procedemento establecido nas especificacións do propio plan.
- e) Supervisa-la adecuación do saldo da conta de posición do plan, no seu respectivo Fondo de Pensións, aos requirimentos do réxime financeiro do mesmo.
- f) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses dos partícipes e beneficiarios do plan ante a Entidade xestora do Fondo de Pensións.
- g) Propoñer e, de se-lo caso, decidir nas demais cuestións sobre as que a lexislación vixente lle atribúa competencias.

#### Artigo 36.- Elección dos membros da Comisión de Control

1. Os representantes do Promotor serán designados directamente por este, podendo ser removidos en calquera momento, realizándose a oportuna comunicación á Comisión de Control.
2. Os representantes dos partícipes e beneficiarios serán designados de entre os partícipes polo sindicatos representados na Xunta de persoal docente e investigador, Xunta de persoal funcionario de administración e servizos e Comités de empresa do persoal laboral en proporción ós resultados obtidos nas eleccións ós órganos de representación do persoal inmediatamente anteriores ou por acordo dos representantes dos traballadores na universidade. Poderán ser removidos en calquera momento por acordo maioritario dos ditos representantes.
3. Recibida a comunicación da designación de representantes na Comisión de control, no prazo máximo de dez días, procederase á substitución dos membros representantes obxecto de renovación polos novos membros elixidos.

4. Se se trata da primeira elección, a Comisión promotora procederá a súa disolución e, cos membros representantes elixidos, constituirase a primeira Comisión de control.
5. Sen perxuízo do previsto nos parágrafos anteriores respecto do sistema de designación directa de membros da Comisión de Control, cando o número de partícipes que teñan cesado a relación laboral co promotor e de beneficiarios supere o 20 por cento do colectivo total do plan, deberá designarse ao menos un membro da Comisión de control que pertenza aos mesmos.  
Cando o número de partícipes que teñan cesado a relación laboral co promotor e de beneficiarios supere o 20 por cento do colectivo total do plan, deberá efectuarse un proceso electoral se así o solicitan ao menos un tercio dos mesmos.  
Se se dese a circunstancia anterior e un tercio dos partícipes non empregados o soliciten, a Comisión de Control incorporará a regulación do proceso electoral como anexo ás especificacións nun prazo non superior a 2 meses.

#### Artigo 37.- Duración do cargo de membro da Comisión de Control.

A duración do cargo electo de membro da Comisión de control será de catro anos, podendo ser reelixido.

#### Artigo 38.-Funcionamento da Comisión de Control

1. O presidente será o Reitor ou persoa na que delegue de conformidade co artigo 34.2 , a quen corresponderá convoca-las súas sesións, dirixi-las deliberacións e asumi-la representación da mesma. O voto do presidente será de calidade no caso de empates.
2. Así mesmo designará un Secretario que levantará acta das sesións e levará os libros de actas.
3. A Comisión de control quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, estean presentes alomenos a metade máis un dos seus membros. A representación dun membro nesta so poderá ser delegada noutro membro da mesma.
4. Os acordos da Comisión de control adoptaranse por maioría simple.
5. A Comisión de control reunirse alomenos unha vez cada ano e cando así o soliciten como mínimo o 25% dos seus membros.



## **CAPITULO VI**

### **MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN**

#### Artigo 39.- Modificación do Plan de Pensións

1. A modificación do presente Regulamento do Plan de Pensións poderá realizarse a instancias de, alomenos, o 25% dos membros da súa Comisión de Control.
2. A proposta de modificación requirirá:
  - a) Ditame previo favorable dun actuario, cando se altere ou modifique o réxime financeiro actuarial do plan.
  - b) Voto favorable de polo menos as  $\frac{3}{4}$  partes dos membros da Comisión de Control.

#### Artigo 40.- Terminación do Plan de Pensións

1. Serán causas para a terminación, e posterior liquidación, do presente Plan de Pensións:
  - a) O acordo de liquidación do Plan tomado por alomenos o 75% dos membros da Comisión de Control.
  - b) Calquera causa legalmente establecida.
2. En todo caso serán requisitos previos para a terminación do Plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados dos partícipes noutro Plan de Pensións.

#### Artigo 41.- Normas para a liquidación do Plan de Pensións

Decidida a terminación do Plan de Pensións, a súa liquidación definitiva realizarase de acordo coas seguintes normas:

- a) A Comisión de Control do Plan comunicará a terminación do mesmo a tódolos partícipes e beneficiarios cunha antelación de tres meses.

- b) Durante o dito período de tres meses, os partícipes deberán comunicar á Comisión de Control do Plan a que plans desexan trasladar-las seus dereitos consolidados.
- c) Durante ese tempo, os beneficiarios deberán comunicar á Comisión de Control do Plan se:
  - 1. Desexan cobrar en forma de capital o importe total do seu dereito consolidado, ou
  - 2. Se desexan trasladar-lo dito dereito consolidado a outro plan de pensións que lles garanta individualmente o cobro das súas prestacións xa causadas. Neste caso, deberán indicar a que plan hai que trasladar-las ditos dereitos.
- d) Se chegada a data de terminación do plan, algún partícipe ou beneficiario non tivera comunicado á Comisión de Control o indicado nas alíneas b) e c), procederase ó traslado dos seus dereitos consolidados a outro plan de pensións que fora seleccionado pola Comisión de Control.
- e) Unha vez trasladados os dereitos de tódolos partícipes e beneficiarios, a Comisión de Control do Plan comunicará á Entidade xestora do Fondo ó que estaba adscrito a terminación definitiva do Plan.
- f) Finalmente, a Comisión de Control do Plan procederá á súa disolución.

#### Disposición adicional Primeira

Corresponde á Comisión de control a titoría e protección dos dereitos dos partícipes e beneficiarios dos planes de pensións, tendo que coidar que os mesmos sexan respectados pola promotora do plan, así como pola xestora e a depositaria do fondo de pensións e actuar de conformidade ós principios de boa fe, equidade e confianza recíproca.

Os partícipes e beneficiarios de plans de pensións poden dirixir-las súas reclamacións á Comisión de control cando estimen que na actuación das Entidades Promotora, Aseguradora, Xestora ou Depositaria haxan sufrido un tratamento negligente, incorrecto ou non axustado a dereito.

As reclamacións presentaranse por escrito, debidamente asinadas polo reclamante ou o seu representante legal. Nas reclamacións cómpre que se faga constar-lo nome, apelidos, número do DNI ou, no seu defecto, os datos do documento que acredite fehacientemente a personalidade do reclamante, así

como o seu domicilio e o nome do plan de pensións do que é partícipe o beneficiario.

A entidade xestora poñerá a disposición dos partícipes e beneficiarios un servizo de atención ao cliente. Os datos para contactar con este servizo serán comunicados á Comisión de Control e a todos os partícipes e beneficiarios do plan. A Comisión de Control velará porque, en todos os medios de comunicación do promotor, se comunique os datos de contacto co servizo de atención ao cliente así como a forma de contactar coa propia Comisión para calquera reclamación ou suxestión.

#### Disposición transitoria

Se a Comisión de Control do Plan decidira a mobilización da conta de posición do Plan a outro Fondo, estarase ó disposto no artigo correspondente das normas de funcionamento ó que se atopa actualmente adscrito ó Fondo de Pensións CAIXANOVA I, F.P.

## ANEXO PLAN PENSIONES UNIVERSIDADE DE VIGO

A Entidade xestora pon ó dispor dos seus clientes o seu *Servizo de Atención ao Cliente en Avenida de Burgos 109, 28050 Madrid. Fax 91 595 54 96, e-mail: [atencionclientes@caser.es](mailto:atencionclientes@caser.es)*

O dito Servizo atenderá e solventará consonte á normativa vixente e no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, as queixas e reclamacións expostas directamente ou mediante representación acreditada por tódolos participantes ou beneficiarios do plan de pensións, cando as mesmas se refiran a intereses e dereitos legalmente recoñecidos relacionados co desenvolvemento do plan, xa deriven destas especificacións, da normativa regulamentadora dos plans e fondos de pensións, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos, en particular do principio de equidade.

As queixas e reclamacións presentaranse por escrito en calquera das oficinas da Entidade, por correo ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos sempre que estes permitan a súa lectura, impresión e conservación e respondan ós requisitos e características legais establecidas no *Regulamento do Servizo de Atención ao Cliente de Caser*.

Unha vez obtida a resolución e esgotada a vía de reclamación ante o *Servizo de Atención ao Cliente*, no caso de mante-la súa desconformidade co resultado do pronunciamento ou habendo transcorrido dous meses dende a data de recepción sen que o dito servizo resolva, poderá presentarse a reclamación ante o *Comisionado para la Defensa del Asegurado y del Partícipe en Planes de Pensiones en Paseo de la Castellana 44, 28046 Madrid, fax 91 339 71 13*, cuxas decisións, non obstante, non son vinculantes. Tamén poderá sometelas ós xulgados e tribunais competentes.

En tódalas oficinas do Grupo Caser abertas ó público e na súa páxina web, [www.caser.es](http://www.caser.es), os nosos clientes, usuarios ou prexudicados, terán o seu dispor un modelo de impreso de reclamación así como o regulamento para a defensa do cliente do Grupo Caser que regula a actividade e o funcionamento do *Servizo de Atención ao Cliente* e as características e requisitos de presentación e resolución de queixas e reclamacións.

Nas resolucións teranse en conta as obrigas e dereitos establecidos na Normativa regulamentadora dos plans e fondos de pensións e a Normativa de transparencia e protección dos clientes de servizos financeiros (Real Decreto Legislativo 1/2002 do 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Regulación dos Plans e Fondos de Pensións; Real Decreto 304/2004 do 20 de febreiro polo que se aproba o regulamento de Plans e Fondos de Pensións; Lei de Reforma do Sistema Financeiro; Lei de Institucións de Inversión Colectiva; R.D. 303/2004 do 20 de febreiro e Orde ECO 734/2004 do 13 de marzo; Lei e Regulamento para a Defensa de Consumidores e Usuarios; e Lei de Condiciones xerais da contratación).